



MUGARDOS

Club de Montaña O Carroucho

31 de Xaneiro de 2015

Comezamos a nosa ruta no Castelo da Palma en Mugardos. A fortificación orixinal é de finais do s. XVI aínda que sofre posteriores modificacións nos séculos XVIII e XIX que deron lugar á configuración actual. A última función deste castelo foi cárcere militar, onde foi encarcerado entre outros, o golpista Antonio Tejero. Aquí preto encóntranse as ruínas do Castelo de San Martín dende onde, e unindo cunha cadea o castelo de San Felipe, se evitaba que pasasen os barcos pola ría. A nosa seguinte parada será Punta Segañón onde se encontra a primeira batería creada na década de 1901 e un pouco máis arriba a de Salgueira, pertencente ao plan artillado de 1927 para protexer a ría. Dende aquí dirixímonos a Montefaro onde no alto están as seguintes baterías, as de Pena Bailadora de principio do s. XX, xa no concello de Ares; un balcón privilexiado cara á Ría de Ferrol. En realidade o complexo é unha armazón de distintas instalacións (Faro, Montefaro, Fuenteseca e Monolítico) que iremos vendo ata chegar a Bailadora. Xa dende aquí nos diriximos cara ao mosteiro de Santa Catalina. Do século XII, foi fundado polos Condes de Traba e pasou logo á Casa de Andrade. Se ben é de estilo románico na súa concepción, actualmente pouco queda dese estilo, xa que no XVIII se reformou. O mosteiro chegou a ser moi importante exercendo a xurisdición sobre a vila de Mugardos e Ares. Coa desamortización de Méndizabal, os franciscanos abandonárono



para artillar outras baterías de costa das Rías Baixas e habilitar mercantes como cruceiros. Dende aquí achegarémonos a Punta Coitelada que marca a separación natural entre as rías de Ferrol e a de Ares e Betanzos. Seguimos todo pola costa cara á praia de Chanteiro. No pobo, parroquia de San Pedro de Cervás existe unha Igrexa-Ermida edificada no s. XIV por orde de Fernán de Andrade, de estilo románico serodio, con elementos oxivais. Dunha posterior reedificación conserva o lintel da porta primitiva. A esta ermida acódesse en peregrinación en cumprimento do voto de chanteiro, datado en 1404, unha romaxe na que os ferroláns recordan a peste negra do s. XIV da que se libraron milagrosamente segundo din por intercepción da nosa Señora de Chanteiro. Remataremos volvendo pola costa ata o punto do que partimos.

en 1835 e faise cargo del o exercito, que o converte en cuartel, e ademais crea as baterías no monte. O noso seguinte punto é a península de Sudova onde se encontran as seguintes baterías. Construídas segundo o plan artillado de 1897. A idea era sacar fóra da ría a defensa desta, ata entón baseada nos fortes de San Felipe e a Palma. En 1900 estaban xa rematadas as localizacións das pezas, pero os canóns non chegaron ata 1909. Estes canóns desmontáronse durante a Guerra Civil

para artillar outras baterías de costa das Rías Baixas e habilitar mercantes como cruceiros. Dende aquí achegarémonos a Punta Coitelada que marca a separación natural entre as rías de Ferrol e a de Ares e Betanzos. Seguimos todo pola costa cara á praia de Chanteiro. No pobo, parroquia de San Pedro de Cervás existe unha Igrexa-Ermida edificada no s. XIV por orde de Fernán de Andrade, de estilo románico serodio, con elementos oxivais. Dunha posterior reedificación conserva o lintel da porta primitiva. A esta ermida acódesse en peregrinación en cumprimento do voto de chanteiro, datado en 1404, unha romaxe na que os ferroláns recordan a peste negra do s. XIV da que se libraron milagrosamente segundo din por intercepción da nosa Señora de Chanteiro. Remataremos volvendo pola costa ata o punto do que partimos.



reedificación conserva o lintel da porta primitiva. A esta ermida acódesse en peregrinación en cumprimento do voto de chanteiro, datado en 1404, unha romaxe na que os ferroláns recordan a peste negra do s. XIV da que se libraron milagrosamente segundo din por intercepción da nosa Señora de Chanteiro. Remataremos volvendo pola costa ata o punto do que partimos.

Datos Básicos

Comezo: Castelo da Palma

Remate: Castelo da Palma

Distancia lineal: 18 km.


Duración aprox.: 5 horas

Dificultade: Baixa-Media

Altura máxima: 303 m

Altura mínima: 54 m

Acumul.: ↗530 m / ↘530 m



Próxima cita:

21 Febreiro
Río Sisalde



O Carroucho

www.carroucho.org

